

edicións embora

Descubrimos nesta ópera prima unha reflexión sobre o estrañamento, o drama inmenso da separación e o desarraigamento, mais tamén unha alegación contra a dobrez e a falsidade que encarnan algúns dos personaxes da novela; todo relatado co eficaz instrumento dunha prosa directa e limpia e o emprego de recursos narrativos como a sucesión de pistas a modo de capítulos, as gravacións magnetofónicas e os diálogos vibrantes inzados de xiros e modismos da fala bonaerense. É de salientar, igualmente, o protagonismo da capital arxentina, as súas prazas, bulevares e avenidas que o inspector Rioboo percorre rememorando a súa estadía xuvenil naquela cidade mentres soa, como música de fondo, o piano de Keith Jarrett.

(Juan Andrés Fernández Castro, membro do xurado do Premio Xosé Neira Vilas de Novela Curta)



Virxilio Rodríguez Vázquez

Fóra de rexistro

æ


Virxilio Rodríguez Vázquez

# Fóra de rexistro



PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS DE NOVELA CURTA 2021

edicións embora



© Celso M. Iglesias

**Virxilio Rodríguez Vázquez** (Vigo, 1978) gañou con *Fóra de rexistro* a sexta edición do premio Xosé Neira Vilas de novela curta. Coa súa obra narrativa anterior obtivo o primeiro premio de narracións curtas do Premio Manuel Lueiro Rey convocado polo Concello do Grove (1995), o primeiro premio nos premios de poesía e relato curto da Universidade de Vigo (2011) e outros recoñecementos: un accésit no certame galego de narracións breves Modesto R. Figueiredo, convocado pola Fundación do Pedrón de Ouro (2019); un accésit nos premios de poesía e relato curto da Universidade de Vigo (2001); un accésit no Premio Ourense de Contos para a Mocidade, convocado pola Casa da Xuventude e pola Agrupación de Libreiros de Ourense (2001), unha mención especial nos premios de poesía e relato curto da Universidade de Vigo (1997) e un accésit no Premio Ourense de Contos para a Mocidade (1994). É Profesor Titular de Dereito penal na Universidade de Vigo, na que obtivo o grao de Doutor e da que foi Vicerreitor do campus de Ourense entre os anos 2014 e 2018.

**Fóra de rexistro**

NARRATIVA GALEGA

Virxilio Rodríguez Vázquez  
**Fóra de rexistro**

Novela gañadora da VI edición do premio  
Xosé Neira Vilas de Novela Curta 2021

Virxilio Rodríguez Vázquez  
**Fóra de rexistro**

© Virxilio Rodríguez Vázquez, do texto  
© MMXXII | edicións embora

Reservados todos os dereitos, quedando rigorosamente prohibidos, sen a autorización escrita dos titulares do copyright, baixo as sancions establecidas nas leis, a reproducción total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, comprendidas a reprografía e tratamento informático, e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamo públicos.

1ª edición: outubro, 2022  
ISBN: 978-84-17824-73-0  
Depósito Legal: C 1123-2022

edicións embora

## **Primeira pista**

A pesar de levar tantos anos na profesión, non me afacía ás chamadas de primeira hora. Son ave nocturna que prefire, segundo cadre, traballar ou desfrutar da noite, as mañás dedícoas a durmir. Aquela non ía poder ser. Recibira un aviso da central comunicándome que atoparan un cadáver á beira do encoro de Cachamuíña. Para alá xa se desprazaran os axentes de garda, unha parella de novatos que seguramente encherían todo de pegadas, papeis e anuncios, emborrallando calquera proba que puidese ser de utilidade. En fin, nada que facer. Cumpría espreguizarse e saír a fume de carozo para salvar canto se puidese.

Acelerei por Otero Pedrayo arriba como se non houbese un mañá, coa cidade sumida áinda no sono. A medida que me achegaba, o laranxa das luces das ambulancias mesturábbase co azul das do coche patrulla nunha sorte de psicodelia fantasmagórica. Fun diminuíndo a marcha. Xa a pé, baixando pola costa humedecida por mor do orballo que caera nas últimas horas, puiden identificar, entre as varias siluetas que se movían arredor dun punto fixo, a médica forense, Ana Ferreira.

—Bos días, doutora, mira ti que sorte!

—Inspector... —rosmou.

—Tampouco é para poñerse así.

—Menos lerias, inspector, estamos ao que estamos.

A doutora Ferreira era unha muller nova, andaría polos trinta e poucos. De mediana estatura, cabelo negro, liso, sempre ben peiteado, distinguíase por unha

influencia, tamén con cartos, non lle debeu de resultar moi difícil.

Laureano Silva, morto na Arxentina, vivo no Ribeiro...

Aquel fillo de Claudia chamouse Fernando Silva de la Cruz, mantendo deste xeito o apelido do proxenitor, defunto no papel. Esa marca xudía en forma de primeiro apelido chegou ata Ernesto a través do seu pai, Fernando, que o herdara do seu avó, Laureano, para el, morto moito antes de vir ao mundo. O demais, xa é historia.